

O Observatorio da Situación da Lingua Galega na Sociedade

O Observatorio da Situación da Lingua Galega na Sociedade é un traballo impulsado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia que nace cunha dobre finalidade:

- Como unha **ferramenta que permita o seguimento permanente do Plan xeral de normalización da lingua galega**, e

- Como un **instrumento operativo e áxil que faga posible obter un coñecemento de primeira man sobre a situación da lingua galega na sociedade**, e que ademais posibilite facer comparacións dos usos lingüísticos nos diferentes ámbitos da sociedade.

No Observatorio recóllense oito ámbitos de actuación: administracións públicas, educación, medios de comunicación, economía e empresa, sanidade, tecido asociativo, sector das telecomunicacións e cidadanía.

Subámbito do ensino universitario

Este tríptico céntrase no subámbito do ensino universitario, dentro do ámbito da educación. Aquí dáse a coñecer a situación do galego no conxunto dos centros universitarios de Galicia e inclúense datos sobre os coñecementos, os usos, e as opinións e as actitudes en relación coa lingua.

O traballo do Observatorio realízase a partir de dous enfoques:

Cuantitativo: 68 enquisas realizadas aos centros universitarios de Galicia.

Cualitativo: panel de escoita, reunión á que asistiron representantes das universidades galegas para opinar sobre diversos temas relacionados cos usos lingüísticos na universidade.

Para poder comprobar como evoluciona a situación da lingua galega estableceranse unha serie de indicadores que facilitarán a análise desta evolución dun xeito periódico, eficaz e sistemático.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística



Situación da lingua galega na sociedade

Observación no ámbito da educación
Subámbito do ensino universitario



1. Usos lingüísticos

Comunicacións externas:

Os centros universitarios de Galicia utilizan maioritariamente a lingua galega nas súas comunicacións externas, especialmente nos usos escritos da lingua. En canto aos elementos de maior visibilidade, o galego predomina no nome dos centros universitarios no papel de carta, nos trípticos, así como na rotulación principal e interior.

Comunicacións internas:

Nas comunicacións orais internas, a presenza da lingua galega oscila entre o 35,2% do profesorado e o 58,6% dos monitores/as en actividades non lectivas. Nas comunicacións escritas, a lingua galega é maioritaria nos formularios e nas circulares e notas internas, así como nos materiais de cursos, pero non na aplicación informática máis habitual.



2. Normas e criterios de uso lingüísticos


Na maioría de centros universitarios non existen normas ou criterios de uso lingüísticos. Só nas comunicacións escritas a porcentaxe de centros con criterios alcanza o 51,5%. No resto dos casos considerados, as cifras oscilan entre o 19,1% na atención oral ao público e o 41,2% cando o interlocutor/a pide un cambio de lingua con respecto á lingua coa que foi atendido inicialmente. Ademais, en catro de cada dez centros valórase o galego na incorporación do persoal.

3. Competencias lingüísticas

A expresión escrita é a destreza en que os traballadores/as dos centros universitarios galegos presentan máis necesidades, pois foi a opción escollida por case sete de cada dez enquisados/as. En xeral, todo o persoal das universidades conta cos coñecementos axeitados de galego para o posto que desenvolve, aínda que en diferente medida en función do posto de traballo.

4. Actitudes e opinións lingüísticas


Nos centros universitarios obtéñense unhas porcentaxes moi elevadas ao preguntar pola utilidade de diversos recursos lingüísticos.



Máis de seis de cada dez centros universitarios afirman utilizar os recursos lingüísticos da Xunta, fronte a algo máis dunha cuarta parte que non os emprega. No relativo á evolución do uso do galego nos últimos cinco anos, o 42,7% dos centros enquisados pensa que segue igual, mentres que no 41,2% consideran que aumentou ou aumentou moito. So un 4,4% opina que diminuíu.

5. Índice de normalización lingüística (INL)

O índice de normalización lingüística (INL) do ensino universitario é de 71,98, o que, situado nunha escala de 0 a 100, amosa un nivel medio-alto. Como se pode ver, alcánzanse valores superiores a 50 en todos os factores manexados, o que indica que existe un nivel medio de normalización en todos os aspectos valorados.



* Conclusións

- O galego é a lingua predominante nas comunicacións orais e escritas co exterior, especialmente nas primeiras.
- O galego é a lingua maioritaria nas circulares e notas internas, nos formularios e nos materiais dos cursos, aínda que non na aplicación informática máis habitual.
- Nas comunicacións orais internas, a presenza da lingua galega oscila entre o 35,2% do profesorado e o 58,6% dos monitores/as en actividades non lectivas.
- Só no 25% dos centros o profesorado utiliza o galego nas comunicacións nas aulas.
- Un 42,7% dos centros enquisados considera que o uso do galego nos últimos cinco anos continúa igual.
- Case sete de cada dez centros consideran que é na expresión escrita onde o persoal das universidades ten máis dificultades.
- Con relación ao uso de linguas estranxeiras, estas son habituais en máis da metade dos centros universitarios.

O Observatorio da Situación da Lingua Galega na Sociedade

O Observatorio da Situación da Lingua Galega na Sociedade é un traballo impulsado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia que nace cunha dobre finalidade:

- Como unha **ferramenta que permita o seguimento permanente do Plan xeral de normalización da lingua galega**, e

- Como un **instrumento operativo e áxil que faga posible obter un coñecemento de primeira man sobre a situación da lingua galega na sociedade**, e que ademais posibilite facer comparacións dos usos lingüísticos nos diferentes ámbitos da sociedade.

No Observatorio recóllense oito ámbitos de actuación: administracións públicas, educación, medios de comunicación, economía e empresa, sanidade, tecido asociativo, sector das telecomunicacións e cidadanía.

Subámbito do ensino non universitario

Este tríptico céntrase no subámbito do ensino non universitario, dentro do ámbito da educación. Aquí dáse a coñecer a situación do galego no conxunto dos centros de ensino non universitario de Galicia e inclúense datos sobre os coñecementos, os usos, e as opinións e as actitudes en relación coa lingua.

O traballo do Observatorio realízase a partir de dous enfoques:

Cuantitativo: 785 enquisas realizadas aos centros non universitarios de Galicia.

Cualitativo: dous paneis de escoita, reunións ás que asistiron representantes dos centros de ensino non universitario para opinar sobre diversos temas relacionados cos usos lingüísticos nestes.

Para poder comprobar como evoluciona a situación da lingua galega estableceranse unha serie de indicadores que facilitarán a análise desta evolución dun xeito periódico, eficaz e sistemático.



XUNTA DE GALICIA


PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística



1. Usos lingüísticos

Comunicacións externas: O galego é a lingua maioritaria nas comunicacións orais e escritas co exterior dos centros de ensino non universitario de Galicia, con porcentaxes que oscilan entre o 73,4 e o 96,4%. Nos elementos de identificación corporativa externa o emprego do galego é maioritario, pois supera en todos os casos o 90% e chega mesmo ao 97% nos documentos de maior difusión externa das actividades e servizos do centro.



2. Normas e criterios de uso lingüísticos

Son unha minoría os centros de ensino non universitario que contan con criterios, regras ou normas que especifican que lingua utilizar. En cambio, a maioría puxo a disposición do seu persoal ferramentas lingüísticas e unha gran porcentaxe conta con algunha persoa que desenvolve tarefas de normalización lingüística.

Comunicacións internas: Nas comunicacións orais e escritas internas, o uso do galego supera en todos os contextos o 50%. Ademais, nas circulares e notas internas, así como nos formularios, a lingua galega é case o idioma de uso exclusivo.




3. Competencias lingüísticas

Existe practicamente unha total adecuación dos coñecementos lingüísticos do persoal dos centros de ensino non universitario en función do posto de traballo ocupado. A expresión escrita é a competencia que menos domina o persoal que traballa nestes centros.

4. Actitudes e opinións lingüísticas


Os recursos lingüísticos considerados máis útiles son os dicionarios, sinalados por case todos os centros. En cambio, os servizos lingüísticos son os menos seleccionados. Non obstante, en xeral, todos mostran un elevado grao de aceptación, pois supérase en todos eles o 65%.



Máis de oito de cada dez centros usan algún recurso ou axuda lingüística da Xunta de Galicia. Dos que non empregan ningún, seis de cada dez afirman non coñecerlos. A opinión maioritaria sobre a utilización do galego nos centros non universitarios é que se usa bastante ou moito en case as tres cuartas partes destes.

5. Índice de normalización lingüística (INL)

O índice de normalización lingüística acadado polos centros de ensino non universitario de Galicia é de 88,01, nunha escala de 0 a 100, o que indica que estamos ante un ámbito cun grao de galeguización moi alto. En todos os factores a media é superior a 80, o que significa que a situación da lingua galega é moi boa en todos eles.



* Conclusións

- Nas comunicacións orais e escritas co exterior, na rotulación dos centros e nas comunicacións internas a lingua empregada maioritariamente é o galego.
- O nome do centro no papel de carta está en galego nas tres cuartas partes dos centros.
- A documentación interna dos centros adoita estar en galego nunha porcentaxe moi elevada.
- Os usos lingüísticos nas comunicacións

- orais e escritas fanse maioritariamente en galego en todos os colectivos dos centros.
- Na maioría dos centros non existen criterios nin normas que especifiquen que lingua usar.
- A actitude ante o emprego do galego é claramente favorable en todos os centros e en todos os colectivos da comunidade escolar.
- O manexo de linguas estranxeiras é pouco habitual nos centros de ensino.